



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019 / 2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO - 32011901

ETAPA: PRIMARIA

CURSO: 3º

MATERIA: LINGUA CASTELÁ

DOCENTE: MIGUEL CABARCOS ROUCO

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO

Terra de Souto, s/n
32310 Rubiá (Ourense)

ceip.virxedocamino@edu.xunta.gal

Tel. 988324205

ÍNDICE	PÁXINA
1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPENTECIAS IMPRESCINDIBLES.	3
2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.	4
3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE	4
4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	5



1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais de textos orais breves e sinxelos de diferente tipoloxía, segundo a forma da mensaxe	LCB1.5.1. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social. Competencias clave: CCL – CAA.
B1.9. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral.	LCB 1.9.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender. Competencias clave: CCL - CAA – CSC- CSIEE.
B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade e valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario, fixar a ortografía correcta e como gozo persoal.	LCB2.2.1. Resume, respondendo a preguntas e reflectindo as ideas principais, textos de diversa tipoloxía textual. Competencias clave: CCL – CAA.
B2.4. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.	LCB2.4.1. Dedicar momentos de lecer para a lectura voluntaria. Competencias clave: CCL.
B3.4. Elaborar proxectos individuais ou colectivos de carácter informativo sobre diferentes temas do área.	LCB3.4.2. Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos. Competencias clave: CCL – CAA.
B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro, ao producir textos orais e escritos. LCB4.1.4. Utiliza as normas ortográficas básicas. Competencias clave: CCL.
B5.1. Valorar os textos literarios como fonte de lecer e información.	LCB5.1.1. Valora e recoñece de forma global, distintos textos literarios sinxelos, como fonte de lecer e de información. Competencias clave: CCL- CCEC



2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN	<i>Procedementos de avaliación: A avaliación que se vai desenvolver é fundamentalmente a través da análise do seu traballo diario, esforzo e as tarefas realizadas no seu caderno de clase; xa que as tarefas da aula virtual están a facelas en ditos cadernos.</i>
	<i>Instrumentos de avaliación: Mediante a observación diaria do seu traballo e o caderno de tarefas realizadas, para valorar a actividade que desenvolva nas propostas de traballo que se fagan na aula virtual.</i>
CUALIFICACIÓN FINAL:	<i>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: O procedemento para obter a cualificación final do curso será mediante a realización da media aritmética da 1ª e 2ª avaliación. Ademais, terase en conta de forma positiva o traballo e esforzo do alumnado na 3ª avaliación á hora de poñer a nota final.</i>

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

ACTIVIDADES	Realizaranse actividades de repaso e reforzo dos temas xa estudados. Ademais, avanzaremos e ampliaremos materia do 3º trimestre, abordando unicamente os contidos máis básicos e importantes de dito trimestre.
METODOLOXÍA (<i>alumnado con conectividade e alumnado sen conectividade</i>)	A metodoloxía que se vai empregar procurará unha aprendizaxe significativa, dándolle ao labor didáctico un enfoque globalizado, e na medida das posibilidades de cada alumno/a. Poñeremos especial atención nun trato individualizado, respectando as peculiaridades de cada neno, atendendo aos seus ritmos de aprendizaxe e aos seus intereses persoais.
MATERIAIS E RECURSOS	Os materiais e recursos a utilizar: <ul style="list-style-type: none">- Os libros de texto e os cadernos de cada materia.- Video-tutoriais por parte do mestre coas correspondentes explicacións ou correccións.- Fichas de repaso e reforzo entregadas aos nenos mediante fotocopias.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO

Terra de Souto, s/n
32310 Rubiá (Ourense)

ceip.virxedocamino@edu.xunta.gal

Tel. 988324205

- Vídeos, arquivos , documentos adxuntos na aula virtual do centro.

1. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

INFORMACIÓN AO
ALUMNADO E ÁS FAMILIAS

Á hora de informar ao alumnado e ás familias utilizarei como recursos o EspazoAbalar, o Chat da Aula Virtual do centro, o correo gmail do centro e o teléfono móbil.

PUBLICIDADE

Publicación obrigatoria na páxina web do centro.
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedocamino/>